

1. INTRODUCCIÓN Á XUSTIFICACIÓN

Toda a documentación xustificativa da realización das actuacións deberá presentarse electronicamente, responsabilizándose a persoa interesada na veracidade dos documentos que presenten. No caso de presentación presencial dun documento, deberá emendalo a través da súa presentación electrónica sendo a data de presentación a da presentación electrónica.

Nestes caso deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente si dispón del.

Os código do órgano responsable é o da Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social:
A12X01317

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación relativa a este procedemento de xustificación estará dispoñible na páxina web da Consellería de Política Social, desde este enlace ao portal de Benestar:

[http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/web/portal/axudas?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-3&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k_content=%2Fopencms%2FBenestar%2FContidos%2FAxudas%2Faxuda_0067.html&category=Tema/Inclusion/&activo2=so
p0](http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/web/portal/axudas?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-3&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k_content=%2Fopencms%2FBenestar%2FContidos%2FAxudas%2Faxuda_0067.html&category=Tema/Inclusion/&activo2=so
p0)

Período subvencionable e prazos para a xustificación

Prazos			Período subvencionable		
Primeira xustificación	Segunda xustificación	Terceira xustificación	1º período	2º período	3º período
5 de decembro 2018	5 de decembro de 2019	15 de xullo de 2020	1 de xullo do 2018 e o 30 de novembro de 2018	1 de decembro de 2018 e o 30 de novembro de 2019	1 de decembro de 2019 ata o 30 de xuño de 2020

2. SOLICITUDE DE INVESTIMENTO EN CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL E UNIDADES FUNCIONALMENTE VINCULADAS - ARTIGO 4.1.c)

Aspectos xerais

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, son centros de inclusión e emerxencia social aqueles nos que se atenden as necesidades de persoas afectadas por situacións valoradas de exclusión social e, se é o caso, se posibilitan e impulsan actuacións programadas que favorezan a súa efectiva inclusión sociolaboral.

De conformidade co previsto no artigo 8 do Decreto 24/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, e para os efectos da orde anterior, terán a consideración de centros de inclusión e emerxencia social os seguintes:

- Albergues
- Centros de acollida e inclusión
- Comedores sociais
- Centros de atención social continuada
- Centros de día de inclusión social

O tipo de actuacións que se poden subvencionar nestes grupos son as seguintes:

- a) A construción, ampliación, reforma e mellora dos centros, así como a adquisición de inmobles que garden unha relación directa coas actuacións anteriores.
- b) Adquisición ou desenvolvemento de aplicacións informáticas que estean relacionadas coa actividade do centro.
- c) A adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro, excluíndose expresamente os vehículos turismos.

Poderá subvencionarse ata o 80 % dos gastos necesarios para a realización do investimento definido no artigo 4.1.c) que se correspondan de maneira indubitada coa operación cofinanciada, e deberán estar debidamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto na presente base reguladora.

Unicamente, con respecto ás solicitudes para a ampliación da superficie destinada para a atención das persoas usuarias, serán subvencionables as adquisicións de terreos e de bens inmobles nos que exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación, ata o límite do 10% do gasto total subvencionable da operación. Estes terreos deberán ser limítrofes, agás no caso de unidades funcionalmente vinculadas ao establecemento principal, as cales, non obstante, deberán estar próximas a este, de tal xeito que a súa utilización permita o desprazamento a pé polas persoas usuarias.

En todo caso, o importe subvencionable non poderá superar o valor de mercado dos terreos e dos bens inmobles, extremo que deberá acreditarse mediante certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

Non será subvencionable a adquisición de terreos ou de bens inmobles que pertencen ou pertenceran durante o período de elixibilidade ao organismo responsable da execución ou a outro organismo ou entidade, directa ou indirectamente, vinculado ou relacionado co mesmo.

Así mesmo e unicamente con respecto á adquisición de equipamento necesario de adaptación funcional para prestación dos servizos, estes poderán ser de segunda man, sempre que conste unha declaración de quen o vende sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria, e o prezo non sexa superior ao valor de mercado e ao custe dos bens novos similares, acreditándose estes extremos mediante certificación de taxación independente.

Só se subvencionará a adquisición ou desenvolvemento de aplicacións informáticas cando estean relacionadas coa actividade do centro.

Para os efectos destas axudas non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto agás o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable polo solicitante.

De acordo co artigo 65.6 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 a operación para a que se solicita a axuda, para ser subvencionable, non poderá ter concluído materialmente na súa totalidade antes da presentación da solicitude de axuda.

Documentación para solicitar a subvención

- Anexo I
- Anexo II
- Memoria técnica xustificativa da actuación que se vai desenvolver (anexo V).
- No caso de subvencións para construción, reforma ou ampliación, planos da actuación a escala axeitada e proxecto de execución ou licenza. No caso de subvencións para equipamento e vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos do centro, isto substituirase por unha memoria xustificativa da súa necesidade e documento das súas condicións técnicas.
- No caso de subvencións para construción dun novo centro de inclusión e emerxencia social ou a modificación substancial dun centro xa existente, deberase achegar a solicitude de autorización de creación/construción ou modificación substancial.
- Documentación acreditativa do réxime fiscal da entidade solicitante respecto do IVE, para o efectos de determinar a súa subvencionabilidade. Esta documentación non será necesaria naqueles casos en que xa fora presentada en convocatorias anteriores e non se produzan cambios na situación fiscal da entidade solicitante.

Non se sinala un número máximo de solicitudes para este tipo de subvencións.

3. Xustificación de cada anualidade

Estas axudas xustificaranse a través de conta xustificativa do gasto realizado.

En todo caso deberá presentarse a solicitude de pagamento final das actuacións realizadas en cada anualidade.

No caso de subvencións para a construción, ampliación e mellora de centros, nos que de conformidade co artigo 5.3 se adquiren compromisos máis ala do 30 de xuño de 2019 e antes

do 30 de novembro do mesmo ano, a data límite para presentar a xustificación desta anualidade será o 5 de decembro de 2019.

Documentación necesaria:

- Solicitud de pagamento **Anexo VI**
- **Anexo VII**
- **Conta xustificativa do gasto realizado** total ou parcial na anualidade na que se lle concedeu a subvención. Esta realizarase mediante certificación do órgano que teña atribuída na devandita entidade as correspondentes facultades de control.
- **Relación clasificada dos gastos** con identificación do acredor, concepto que permita identificar dun xeito inequívoco a subvencionabilidade do gasto de acordo coas normas aplicables, número de factura, nómina ou documento similar, importe, data de emisión, data de pagamento, sumas parciais (folla por folla) e total da relación:
http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/Modelo_Relacion_clasificacion_Gastos_2018.xls
- **Facturas ou documento contable** de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, con expresión do seu número, acredor, data de emisión, concepto e importe e data de pagamento. As facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento no que se establecen as obrigas de facturación.
- As facturas como calquera documento acreditativo que figure e se acompañe na relación, **deberán** vir acompañadas dos **documentos acreditativos de ter realizados os pagamentos do correspondente gasto**, debendo cumprir os requisitos establecidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na normativa comunitaria. Non se admitirán xustificantes de pago en efectivo.
- No caso de compravenda, achegarase escritura onde constará que o inmovible obxecto da subvención se destinará, polo menos durante os cinco anos seguintes á finalidade que serviu de fundamento á petición e, no caso de obra, a correspondente licenza municipal.

Adicionalmente, na anualidade **na que rematen as actuacións subvencionadas**, presentárase **ademais:**

- **Memoria** segundo o guión establecido no documento que está neste enlace:

http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/Guion_Memoria_Investimento_2018.doc

Indicadores de execución e resultado: No caso das axudas ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social, achegarase un certificado no que se estableza un recuento global da capacidade máxima de persoas para as que está deseñado o centro e, no caso de adquisición de equipamento de uso social, farase unha estimación da poboación beneficiaria durante a súa vida útil. Esta información será solicitada na xustificación final, nos prazos que estableza a Dirección Xeral de Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, a través do documento que se achega:

http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/Certificado_estimacion_persoas_2018.doc